

**RESOLUCIÓN REITORAL, DO 27 DE XANEIRO DE 2021, PARA A ADECUACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE NA UNIVERSIDADE DE VIGO ÁS NOVAS RESTRICIÓN ADOPTADAS POLA XUNTA DE GALICIA O 26 DE XANEIRO DO 2021 POR RAZÓN DA PANDEMIA CAUSADA POLA COVID-19, DITADA EN SUBSTITUCIÓN DA ANTERIOR SOBRE ESTE ASUNTO COA MESMA DATA**

Á vista do decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARSCoV-2, publicada no DOG do 26 de xaneiro do 2021 (n.º 16-bis), polo que a asistencia a centros universitarios queda excluída das limitacións de entrada e a saída de persoas do ámbito territorial de cada un dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia considerados individualmente, así como as actividades nestes se exclúen asemade das limitacións á permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre;

Á vista da Orde do 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, na que se recomenda que as actividades en centros universitarios se realicen de forma telemática sempre que sexa posible; na que se sinala que a actividade docente nas ensinanzas universitarias correspondente ao segundo cuadrimestre comezará nas tres universidades públicas galegas o luns 8 de febreiro, que se restablecerá a docencia exclusivamente en modalidade non presencial durante o período ao que se estenda a eficacia da medida conforme ao punto cuarto da orde, e que se poderán manter as probas de avaliación das materias do primeiro cuadrimestre nas datas e nas modalidades previstas en cada universidade; e na que se establecen diferentes disposicións que afectan as instalacións e os servizos da Universidade,

Á vista da conveniencia de realizar diversas modificacións na resolución reitoral ditada sobre estes asuntos hoxe, tras recibirse nesta Reitoría novas informacións por parte da Secretaría Xeral de Universidades sobre as posibles interpretacións da normativa citada,

Esta Reitoría

**RESOLVE**

**Primeiro:** que todas as actividades docentes de grao, de mestrado e de doutoramento do segundo cuadrimestre se adíen ata o 8 de febreiro, que se suspendan ata ese día aquelas que xa comezaran e que pasen á modalidade en liña entre o 8 e o 17 do dito mes, ambos inclusive;

sen prexuízo da realización doutro tipo de actividades preparatorias xa previstas na semana do 1 ao 5 febreiro, sempre que os centros consideren necesario levalas a cabo e as autoricen, e unicamente na modalidade en liña, procurando a menor alteración posible no normal desenvolvemento da docencia de cada profesor ou profesora. O indicado tamén se aplica a todas as titulacións propias e ás actividades de extensión universitaria que inclúan actividade docente.

**Segundo:** que as probas de avaliación fixadas para o primeiro cuadrimestre continúen a realizarse no xeito presencial previsto, agás nos casos excepcionais xa establecidos nos protocolos de actuación fronte á pandemia e, en particular, na instrución da Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, do 7 de decembro de 2020, sobre as medidas docentes aplicables ao estudantado da Universidade de Vigo por mor da pandemia da covid-19; sen prexuízo de que os centros poidan levar a cabo os axustes menores de tempo ou de espazos que entendan oportunos para facilitar o escalonamento das probas co fin de garantir o cumprimento das medidas de prevención e que, de establecerse, deberán ser comunicados, en todo caso, ás persoas interesadas coa debida antelación; sen que todo o indicado neste punto altere o prazo de entrega de actas que se mantén, en principio, para o venres 19 de febreiro de 2021, agás que se dispoña expresamente o contrario e así se comunique.

**Terceiro:** que a revisión das probas de avaliación indicadas no punto anterior pase a desenvolverse de xeito telemático, preferentemente síncrono e individual, en función da natureza da proba realizada e garantindo, en todo caso, o dereito do estudantado a coñecer as razóns que xustifican a avaliación finalmente obtida.

**Cuarto:** que todas as actividades titoriais pasen a desenvolverse de xeito telemático.

**Quinto:** que as prácticas curriculares e extracurriculares, tanto en empresas como noutros organismos e institucións situados na Comunidade Autónoma de Galicia, se efectúen na modalidade de teletraballo, sempre que sexa posible. No caso de non ser posible, estas actividades suspenderanse mentres estea en vigor a presente resolución. Constitúen unha excepción o prácticum das titulacións de Educación, que seguirá coa modalidade e coa programación prevista antes da entrada en vigor desta resolución, e as prácticas clínicas en institucións sanitarias, que os centros reprogramarán en función do que acordan con estas.

**Sexto:** que as defensas públicas de TFG, de TFM e de teses de doutoramento se desenvolvan en liña.

**Sétimo:** que as comisións dos centros con competencia en materia de organización académica adopten as medidas necesarias, de ser o caso, para axustar ao novo calendario os seus horarios e a organización das distintas probas de avaliación continua previstas, así como todos os aspectos relativos ao normal desenvolvemento da súa actividade docente. O Consello de Goberno levará a cabo unha modificación do calendario académico para adecuarse a estes axustes, que incluírá o adiamento do final do segundo cuadrimestre e da entrega das actas.

**Oitavo:** que, ata novo aviso, só poderá desenvolver actividades nas instalacións universitarias o persoal con contrato en vigor coa Universidade de Vigo, sen prexuízo de que todos os membros da comunidade universitaria así como o público en xeral poidan acceder ás ditas instalacións para realizar xestións presenciais concretas mediante o sistema de cita previa.

**Noveno:** que, ata novo aviso, só poderá acceder ás dependencias das bibliotecas da Universidade de Vigo o persoal adscrito á Biblioteca Universitaria. O PDI con contrato en vigor poderá seguir usando os servizos que a Biblioteca Universitaria estableza como instrumentos de investigación e de docencia mediante o sistema de cita previa.

**Décimo:** que, ata novo aviso, só poderá acceder ás instalacións e aos pavillóns deportivos universitarios o persoal adscrito ao Servizo de Deportes, agás o previsto para a actividade deportiva federada de nivel nacional, en consonancia co disposto no apartado 3.15.4 da citada Orde da Consellería de Sanidade, do 26 de xaneiro de 2021. Porén, a Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade poderá autorizar o uso destas instalacións para a realización de probas presenciais correspondentes ao primeiro cuadrimestre.

**Undécimo:** que o PDI e o PAS da Universidade de Vigo continúe realizando a súa actividade laboral na mesma modalidade na que o viñan facendo ata a entrada en vigor da presente resolución.

**Duodécimo:** que a presente resolución substitúa a anterior sobre estes asuntos e coa mesma data; que a anterior resolución quede derogada e que a actual entre e vigor o mesmo día da súa sinatura, de xeito que estea vixente durante todo o mesmo período de duración que as novas restricións previstas no DOG do 26 de xaneiro do 2021, agás que se dispoña o contrario nunha nova resolución reitoral.

O reitor